

Vigo Rebelde, o metal en loita

Convocatoria para co-investigadores

Datas: xuño 2017 - agosto 2017

Vigo Rebelde, o metal en loita. Co-investigadores.

Convocatoria aberta ata o 26 de xuño.

#Salón do MARCO. Un lugar para facer <http://bit.ly/2lNO47g>



Vigo Rebelde, o metal en loita é unha investigación experimental para percorrer o pasado, presente e futuro das subxectividadeas situadas/relacionadas coa industria do metal na cidade de Vigo. A través desta proposta pretendemos observar e visibilizar como a cidadanía constrúe movementos sociais que vindican a sustentabilidade das súas propias vidas. Estes movementos sociais son a manifestación dun compromiso, dun afectarse polo dereito á urbe como “ese dereito a facer cidade da maneira que queremos/desexamos” (David Harvey) e como a capacidade que temos as comunidades de afectadas de tecer memorias comúns, transmitíndoas a outras xeracións.

Neste proceso son fundamentais a escoita e o acompañamento, por iso facemos un primeiro chamamento a persoas e colectivos que queiran conformar unha comunidade de co-investigación para, entre todas, cuestionarnos: Que imaxinarios produciron/producen estas revoltas? Que outras subxectividadeas se constrúen a través destes procesos de mobilización cidadá? Que estratexias houbo e como se levaron a cabo fronte a estes procesos de acumulación por desposesión característicos do capitalismo? Ou que é o que une a estas revoltas urbanas?

Esta investigación experimental transita ao coñecemento a partires de diversas achegas: derivas pola cidade, mapexos colaborativos, debuxos, BIComún e demais obradoiros que faciliten procesos colectivos de aprendizaxes mutuas e de rescate das memorias comúns. Con esta convocatoria buscamos impulsar unha comunidade epistémica experimental na que os corpos se xunten a facer, entre todas as persoas que formen parte, *Vigo Rebelde, o metal en loita*.

O proceso terá unha **duración de 2 meses**, en concreto 6 sesións de 2 horas, e será mediado por Adela Vázquez, quen facilitará o bo vivir da investigación experimental.

Seleccionarase un **máximo de 10 persoas** en función da carta de motivación, e procuraranse perfís variados, dende aqueles máis relacionados coa praxe e co experiencial a outros máis teóricos. Procuramos xuntar persoas con diversos perfís para que poidan acompañar o proceso de maneira granular, é dicir, na medida das posibilidades de cada quen; sempre co-responsabilizándose do rol que desexe asumir.

A primeira sesión terá lugar no #SalóndOMARCO o **martes 27 de xuño** en horario **de 17.00 a 20.00**.

A mediadora desta investigación experimental é **Adela Vázquez**. Licenciada en Historia da Arte; graduada en Conservación e Restauración de Bens Culturais; mestra en Traballo Social e co-coordinadora do proxecto **Niquelarte**. Vive en México e traballa entre Galiza e Yucatán co obxectivo de visibilizar as comunidades que coidan os bens comúns en ámbalas dúas latitudes.

Contacto e solicitude de participación:

As persoas interesadas poden solicitar a súa inscrición a través do correo salondomarco@marcovigo.com indicando no asunto: "Vigo Rebelde, o metal en loita. Co-investigación", facilitando o seu nome, apelidos, email + tfno. de contacto, e explicando nunha carta de motivación (máximo 2 follas) o seu interese persoal e/ou colectivo en participar nesta comunidade epistémica.

A inscrición e participación son gratuítas.

Contacto Departamento de Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00

marta.viana@marcovigo.com

<http://www.facebook.com/marcovigo>

@MARCOVigo3